



Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia (REA)

<http://traballo.xunta.es>

icono REA

<http://rea.mtin.es>



ORIXE DO REA

Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción

Norma estatal, froito do diálogo entre a Administración do Estado e as organizacións empresariais e sindicais, e motivada por:



1º. A grande incidencia dos accidentes laborais no sector da construción.



2º. A excesiva subcontratación que pon en perigo a prevención dos riscos laborais e, ademais, provoca que os últimos eslabóns da cadea de subcontratación practicamente non teñan marxe de beneficios.

Esta lei entrou en vigor o 19 de abril de 2007

Desenvolvida polo RD 1109/2007, do 24 de agosto

A QUEN AFECTA ESTA LEI?

- Aos contratos que se realicen en réxime de subcontratación para executar os seguintes traballos en **obras de construción**:
 - Excavación;
 - Movemento de terras;
 - Construción;
 - Montaxe e desmontaxe de elementos prefabricados;
 - Acondicionamentos ou instalacións;
 - Transformación;
 - Rehabilitación;
 - Reparación;
 - Desmantelamiento;
 - Derrubamento;
 - Mantemento;
 - Conservación e traballos de pintura e limpeza;
 - Saneamento.
- Polo tanto, esta lei afecta tanto a empresas da construción como **doutros sectores**.

REQUISITOS QUE ESIXE A LEI AOS CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS

Entre outros, os requisitos directamente relacionadas co REA son:

Art. 4.1:

- **POSUÍR** organización produtiva propia, **CONTAR** cos medios materiais e humanos necesarios, e **UTILIZALOS** para realizar a actividade contratada.
- **ASUMIR** os riscos, obrigas e responsabilidades propias do desenvolvemento da actividade empresarial.
- **EXERCER A ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN** dos seus traballadores na obra, ou se se é autónomo, executar o traballo con autonomía e responsabilidade.

Art. 4.2:

- Acreditar que contan con recursos humanos, a nivel directivo e produtivo, **FORMADOS EN PREVENCIÓN** de riscos laborais.
- Que contan cunha **ORGANIZACIÓN PREVENTIVA AXEITADA** (servizos de prevención)
- **ESTAR INSCRITAS** no **REA**

Art. 7.2:

O incumprimento das obrigas do art. 4.2, entre outras, implicará a **RESPONSABILIDADE SOLIDARIA** do contratista e subcontratista, respecto das obrigas laborais e de seguridade social derivadas da execución do contrato...

MOI IMPORTANTE!

A empresa comitente queda **EXONERADA** desta responsabilidade, durante a vixencia do contrato e para a obra en cuestión, cando obtén o **CERTIFICADO do REA** de que a empresa que vai contratar está inscrita
(Art. 6.3 RD 1109/2007)

Desenvolvido polo RD 1109/2007

QUE É O REA?

- É un rexistro de carácter administrativo.
- Depende da Autoridade Laboral da comunidade autónoma onde teña o seu domicilio social a empresa. En Galicia, depende da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo.
- Rexistrarse na comunidade autónoma que corresponda ten validez para todo o Estado español.

QUEN TEN OBRIGA DE SE INSCRIBIR NO REA?

TEÑEN OBRIGA:

As empresas, **INCLUÍDAS AS ESTRANXEIRAS**, que pretendan ser contratadas ou subcontratadas para **traballos nunha obra da construción**, entendéndose por tal [art. 3.a) da Lei 32/2006] calquera obra, pública ou privada, na que se efectúen traballos de construción ou de enxeñería civil.

ESTÁN EXENTOS DESA OBRIGA, non se deben inscribir:

- Os **PROMOTORES**, sempre que non actúen como contratistas.
- Os **AUTÓNOMOS SEN ASALARIADOS**.

CANDO É OBRIGATORIO PARA AS EMPRESAS ESTRANXEIRAS?

- **Cando** despracen traballadores, por máis de 8 días, no marco dun desprazamento transnacional da lei 45/1999.
- **Onde se rexistran:** na provincia onde van desprazar, por primeira vez, os traballadores. Terá validez para todo o Estado durante 3 anos.
- **Como:** a través do programa do REA, cos mesmos requisitos e condicións ca o resto de empresas pero nun apartado específico, onde poden incluír aos traballadores desprazados.

DESDE CANDO É ESIXIBLE ESTAR INSCRITO, PARA CONTRATAR OU SUBCONTRATAR?

*Desde o **26 de agosto de 2008***

CANDO SE DEBEN INSCRIBIR?

Con carácter **PREVIO AO INICIO** da súa intervención no proceso de subcontratación no sector da construción

QUE VIXENCIA TEN A INSCRICIÓN NO REA?

•**TRES ANOS**, transcorridos os cales haberá que renovar a inscrición (emitirase un aviso)

QUE OUTROS TRÁMITES SE PODEN FACER NO REA?

•**MODIFICACIÓNS.**

Obrigatorias cando varíen os datos identificativos da empresa. Dentro do mes seguinte.

•**CANCELACIÓNS.**

Obrigatorias cando cese a actividade ou se deixen de ter as condicións requiridas.

•**SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓNS.** Calquera persoa que teña un certificado de firma dixital e se rexistre como usuario do programa poderá solicitar unha certificación de calquera empresa.

A AUTORIDADE LABORAL PODE FACER MODIFICACIÓNS OU CANCELAR EMPRESAS SEN QUE ESTAS O SOLICITEN?

- **SI.** Mediante o procedemento establecido no RD 1109/2007, cando existan causas suficientes e se teña constancia delas.
- Ademais, en calquera momento, **poderá requirir que se acredite** que se manteñen os requisitos dos artigos 4.1 e 2 la Lei 32/2006.

COMO HAI QUE SE REXISTRAR?

O rexistro **UNICAMENTE**
se poderá realizar a **través da internet**, accedendo a:
<http://traballo.xunta.es>
ícono REA
onde obterá toda a información necesaria, ademais de
poder consultar a normativa reguladora

**QUE É NECESARIO PARA SE
REXISTRAR?**

**1º. TER CERTIFICADO DE FIRMA
DIXITAL DA PERSOA FÍSICA QUE TEÑA
PODER PARA ASINAR POLA EMPRESA**

Para obtelo deberá ter un

NIE

ou

DNI español

**SE TEN O
NIE ou DNI**

Pode conseguir unha FIRMA DIXITAL, entre outras opcións, a través da **FÁBRICA DE MONEDA E TIMBRE**, nun máximo de dous días.

CÓMO CONSEGUILA?

- 1º. Acceda desde o se ordenador á páxina: <http://www.fnmt.es>
- 2º. Vaia a **“OBTENGA SU CERTIFICADO DIGITAL”**
- 3º. Vaia a **“OFICINAS MÁS CERCANAS”**, onde lle abrirá un buscador con dous apartados, no segundo, poñendo a provincia e a localidade ofrécelle as oficinas ás que pode ir para formalizar o seu contrato.
- 4º. Acceda ao punto 1. **“SOLICITUD VÍA INTERNET DE SU CERTIFICADO”**, poña o NIE.
- 5º. Apareceralle unha páxina cun número, imprímala e, xunto co seu NIE vaia á oficina elixida. Ten que ir o interesado persoalmente.
- 6º. Ao día seguinte enviaranlle o seu certificado, que queda automaticamente instalado na páxina de internet, na barra superior, en **“Herramientas”**; **“Opciones de internet”**, **“Contenido”**, **“Certificados”**.

2º. TER A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA ESCANEADA EN FORMATO PDF

QUE DOCUMENTACIÓN SE REQUIRE?

Só dous tipos de documentos:

1. **CONTRATO/CONVENIO** co servizo de prevención, todas as modalidades, técnicas (seguridade no traballo; ergonomía e psicología e hixiene industrial) e de vixilancia da saúde.
 - Se ten máis dun tipo de servizo de prevención cada contrato/convenio nun PDF distinto.
2. **CERTIFICADO XENÉRICO DA FORMACIÓN** específica en materia de prevención emitido pola entidade que a impartiu ou a organización preventiva, propia (servizo de prevención propio, servizo de prevención mancomunado, traballadores/as designados/as ou asunción persoal polo empresario) ou allea (servizo/s de prevención alleo/s).
 - Isto responde a un acordo entre sindicatos e empresarios do sector a nivel estatal e existe un modelo na páxina web, que se reproduce a continuación, e que tamén foi difundido pola CNC (Confederación Nacional de la Construcción).



Se se firma mediante **PODER**, só terá que cubrir a pantalla que aparece cando se escolle a opción de firmar como **REPRESENTANTE**.

MODELO DE CERTIFICADO DE FORMACIÓN

Nome ou razón social		Data do certificado
NIF	CCC	

A empresa arriba indicada declara que conta con persoas que, conforme ao seu plan de prevención exercen funcións de dirección e recibiron a formación necesaria, de conformidade co previsto no artigo 12 do Real Decreto 1109/2007, do 24 de agosto.

Así mesmo, [nome da organización preventiva da empresa^[1]] certifica que os traballadores que prestan servizos para a empresa en obras de construción recibiron formación específica en materia de prevención de riscos laborais.

Sinatura e selo da empresa ou do seu representante

Sinatura e selo da organización preventiva ou do seu representante

1. Servizo de prevención alleo/Servizo de prevención propio/Servizo de prevención mancomunado/traballador designado.

3º. REXISTRARSE

▪ Accedendo a
<http://rea.mtin.es>

▪ Ou a través de
<http://traballo.xunta.es>

Icono REA

• Inscrición dunha empresa

• Inscribir unha empresa no REA de Galicia

A través de calquera destas páxinas se lle aparece unha mensaxe de perigo, **pulse na opción**



[Vaya a este sitio web \(no recomendado\).](#)

Ao acceder ao programa pediralle que se rexistre como usuario, para o que este abre unha pantalla onde recoñece o seu CERTIFICADO DE FIRMA DIXITAL e lle pide que complete uns datos.

Unha vez que os confirme xa poderá traballar co programa desde o seu ordenador.

Para rexistrarse marque a provincia onde radique a sede social da súa empresa.

A partir do momento da solicitude de rexistro todos os trámites e comunicacións se realizarán a través do seu buzón telemático no REA.

CANTO TARDAN EN REXISTRAR UNHA EMPRESA?

- Desde que fan a solicitude a Autoridade Laboral ten, para resolver e comunicar, **25 días hábiles**.
- Non obstante, se hai algún defecto comunícaselle telematicamente e dáselles **10 días para corrixilo**.
- Este prazo de 10 días **interrompe** o prazo anterior.
- Se non corrixen ou volve a estar mal daráselles por **desistidos** ou **denegarase** a inscrición.
- Tamén se denega, directamente, **se non se cumpren os requisitos** esixidos e non poden ser corrixidos.
- Aínda que se denegue, cando cumplan os requisitos **poden volver solicitar a inscrición**.

PODO REXISTRAR A MIÑA EMPRESA A TRAVÉS DUNHA XESTORÍA, ASESOR, ETC.?

- **SI.**

Sempre que lle outorgue á persoa elixida poder para asinar pola súa empresa.

- **Mediante documento privado con firma lexitimada ante notario (6€ aprox.)**
- **Mediante poder notarial (30€ aprox.)**
- **No caso dun profesional/graduado social o documento privado acreditativo será visado polo seu Colexio Oficial, segundo a súas normas.**

A persoa física que vaia facer o rexistro deberá ter certificado de firma dixital e seguir os pasos antes indicados.

CONSULTAS MÁIS FRECUENTES PARA CUBRIR O REXISTRO?

❖ Que debo poñer no apartado **DESCRIPCIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE...?**

Cales son as principais actividades que realiza a súa empresa nunha obra de construción.

❖ Que debo poñer no apartado **DESCRIPCIÓN DA ORGANIZACIÓN PRODUTIVA QUE POSÚE?**

Aquí, a modo de declaración, a empresa debe ratificar que os medios materiais e humanos que se detallan nos apartados correspondentes están axeitadamente organizados e estruturados, sendo suficientes para executar os encargos aos que se comprometa.

❖ Nos **MEDIOS HUMANOS?**

O número de traballadores da súa empresa por ocupacións e categorías.

FORMACIÓN QUE DEBE ACREDITAR?


- **Art. 12 RD 1109/2007:**
 - **A que estableza o seu convenio colectivo de ámbito estatal.**
 - **En defecto de convenio a que determine o Servizo de Prevención, no seu labor de asesoramento, debendo, ademais, expedir a certificación requirida.**
 - **Que acredite que as persoas que traballan na obra teñen a formación necesaria e que, aquelas que conforme ao plan de prevención exerzan funcións de dirección, recibiron formación para integrar a prevención de riscos nas súas actividades e decisións, neste último caso, NON INFERIOR a 10 horas e cuns determinados contidos.**

COMO SE PODEN CONSULTAR AS DÚBIDAS?

- Se a súa dúbida está relacionada co PROGRAMA INFORMÁTICO e o seu funcionamento, o propio programa lle ofrece, á dereita da pantalla, os contactos e información a través de:
 - Tel.: 902 887 765
 - E-mail: infoarea@mtin.es
 - Guías de usuario para empresas en: Recursos de ayuda
 - *Solicitud de inscripción para empresas desplazadas*
- Para calquera outra dúbida poden poñerse en contacto co REA de Galicia:
 - Desde Galicia: 012
 - Desde o resto España: 902 12 00 12
 - Desde o estranxeiro: 981 543 968
 - E-mail: rea.galicia@xunta.es

ACCESO WEB A TODOS OS PROCEDEMENTOS DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS, CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

<http://traballo.xunta.es>



- Se necesitan calquera aclaración ou desexan máis información poden poñerse en contacto con:

Guadalupe Álvarez Álvarez
Xefa do Servizo de Relacións Laborais
Subdirección Xeral de Traballo
Dirección Xeral de Relacións Laborais
Consellería de Traballo
Edif. Administrativos San Lázaro, s/n – planta 0
15781 Santiago de Compostela

- Tel.: 981 544 615
- Correo-e: guadalupe.alvarez.alvarez@xunta.es



Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia
(REA)

<http://traballo.xunta.es>

ícono REA

<http://rea.mtin.es>

**MOITAS GRAZAS
POLA SÚA ATENCIÓN**